

Debate: Mulleres encarceradas

Auditorio Casa do Matadoiro – dia 20 – 19:00 horas
Yolanda Ferreiro Novo - Avogada de EsCULcA

Proposta de roteiro:

a) Breve exposición sobre a situación das mulleres na cadea:

Diferenzas derivadas da súa condición de muller en cadeas pensadas para homes, onde prima o control e seguranza sobre a reinserción:

- acceso a escola e actividades,
- tipo de actividades que se ofrecen ás mulleres presas,
- acceso a traballo remunerado en prisión
- módulos de mulleres en que non existe clasificación,
- preventivas e condenadas,
- condenas prolongadas,
- atención médica especializada: matrona, xinecoloxía.

b) Debate:

- ❁ Cuestionamento da propia cadea como solución aos conflitos sociais: en especial no caso das mulleres, polo tipo de delincuencia cometida e as penas impostas.
- ❁ Extinción da condena con separación de sexos. Sexualidade das persoas presas. Convivencia. Situación das persoas transexuais.
- ❁ Crianzas con nais/pais nas cadeas. Recoñecemento/imposición á nai da convivencia coa crianza. Situación dos pais con crianzas. Alternativas a estas situacións (ver comparativa da situación en diferentes estados da UE)
- ❁ Cal é o obxectivo dos módulos de respecto?, serven para algo?, alternativas?.

A nosa idea é abrir o debate sobre estas e cantas outras cuestións nos propoñades.

Pensamos que é importante non facer recaer nas persoas presas toda a responsabilidade de forzar a necesaria mudanza das condicións en que viven as encarceradas e mesmo do



papel que a sociedade asigna á prisión. A mellora desas condicións, o respecto aos dereitos recoñecidos (saúde, dignidade, privacidade, participación na vida social, vida familiar, etc.), non debe depender do bó ou mal comportamento, do tipo de delito cometido... E a reformulación do papel que ten hoxe asignado a prisión na nosa vida colectiva, cremos que é unha tarefa que implica toda a sociedade.

No noso parecer, o esforzo para dar cabo deste anacronismo cruel debe ser feito tanto dentro como fora das prisións e por esta razón queremos implicar no debate aos colectivos (neste caso os colectivos feministas) que traballan por construír unha sociedade máis xusta e igualitaria.

Compostela, 13 de marzo 2019.